



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 MAY. 2024 16:59:33

Entrada **27422**

Suba da indemnización polo uso de vehículo propio aos carteiros e carteiras do medio rural

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao retraso na aplicación da suba da indemnización a 0,26 euros polo uso de vehículo propio aos carteiros e carteiras do medio rural.**

O 17 de xullo de 2023 era publicado no BOE a Orde HFP/793/2023, de 12 de xullo, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnización por razón do servizo.

O Goberno procedía a actualizar o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo, prevista no artigo 18.1 do Real Decreto antes mencionado, sobre indemnización por razón de servizo que ficou en 0,26 euros por quilómetro percorrido polo uso de automóbeis.

Co propósito de dar cumprimento a esta suba no pagamento polo uso do vehículo, a Entidade Correos manifestou en outubro de 2023 que chegara a un acordo coas organizacións sindicais asinantes do Convenio e Acordo Xeral para aumentar a indemnización polo uso do coche, pasando dos 0,23 euros aos 0,26.

A cuestión é que se van cumprir dez meses desde a aprobación da Orde e non se está a aplicar en beneficio dos carteiros e carteiras rurais que están a asumir o custe do encarecemento do prezo do combustíbel, ademais dos gastos de mantemento dos vehículos particulares que tamén se incrementaron.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 MAY. 2024 16:59:33

Entrada **27422**



Correos debe cumprir o recollido na Orde e incrementar a indemnización aplicándoa con efectos retroactivos desde xullo de 2023. O persoal de Correos non ten por que asumir custes a maiores nin retrasos nos pagamentos de indemnizacións que lles corresponden legalmente.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Por que razón Correos non actualizou os importes de indemnización polo uso do vehículo particular que experimentou unha suba a 0,26 euros segundo a Orde HFP/793/2023, de 12 de xullo?
2. Como se explica este retraso de máis de dez meses na actualización do prezo polo uso do vehículo propio aos carteiros e carteiras do ámbito rural?
3. É consciente de que o persoal de Correos das zonas rurais está a asumir os custos do encarecemento dos combustíbeis ademais dos gastos de mantemento dos vehículos que tamén se incrementaron?
4. Cando aplicará Correos a suba pola achega de vehículo ao persoal do rural? Aplicarao con carácter retroactivo?
5. Recoñecerá este dereito dos traballadores e traballadoras de Correos do ámbito rural á maior brevidade que non teñen por que sufrir demoras nas retribucións que lles corresponden legalmente?

Madrid, a 29 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al retraso en la aplicación de la subida de la indemnización a 0,26 euros por el uso de vehículo propio a los carteros y carteras del medio rural.**

El 17 de julio de 2023 era publicado en el BOE/BOE la Orden HFP/793/2023, de 12 de julio, por la que se revisa el importe de la indemnización por uso de vehículo particular establecida en el Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre indemnización por razón del servicio.

El Gobierno procedía a actualizar el importe de la indemnización a percibir como gasto de viaje por el uso del vehículo particular en comisión de servicio, prevista en el artículo 18.1 del Real Decreto antes mencionado, sobre indemnización por razón de servicio que quedó en 0,26 euros por kilómetro recorrido por el uso de automóviles.

Con el propósito de dar cumplimiento a esta subida en el pago por el uso del vehículo, la Entidad Correos manifestó en octubre de 2023 que había llegado a un acuerdo con las organizaciones sindicales firmantes del Convenio y Acuerdo General para aumentar la indemnización por el uso del coche, pasando de los 0,23 euros a los 0,26.

La cuestión es que se van a cumplir diez meses desde la aprobación de la Orden y no se está aplicando en beneficio de los carteros y carteras rurales que están asumiendo el coste del encarecimiento del precio del combustible, además de los gastos de mantenimiento de los vehículos particulares que también se incrementaron.



Correos debe cumplir lo recogido en la Orden e incrementar la indemnización aplicándola con efectos retroactivos desde julio de 2023. El personal de Correos no tiene por qué asumir costes a mayores ni retrasos en los pagos de indemnizaciones que les corresponden legalmente.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. Por qué razón Correos no actualizó los importes de indemnización por el uso del vehículo particular que experimentó una subida a 0,26 euros segundo la Orden HFP/793/2023, de 12 de julio?
2. Como se explica este retraso de más de diez meses en la actualización del precio por el uso del vehículo propio a los carteros y carteras del ámbito rural?
3. Es consciente de que el personal de Correos de las zonas rurales está asumiendo los costes del encarecimiento de los combustibles además de los gastos de mantenimiento de los vehículos que también se incrementaron?
4. Cuando aplicará Correos la subida por la aportación de vehículo al personal del rural? Lo aplicará con carácter retroactivo?
5. Reconocerá este derecho de los trabajadores y trabajadoras de Correos del ámbito rural a la mayor brevedad que no tienen por qué sufrir demoras en las retribuciones que les corresponden legalmente?

Madrid, a 29 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso